

## **ASUNTO: CONVOCATORIA DE EMPRESAS PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA PARTICIPAR NO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2014**

A Deputación de Pontevedra ten previsto poñer en marcha un Plan de práctica laboral, en colaboración coas empresas do sector privado da provincia de Pontevedra, para mozos titulados universitarios e de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado de traballo.

Esta medida está en coherencia coas recomendacións e iniciativas que, sobre esta materia, realizou a Unión Europea así como coas da Estratexia de emprendemento e emprego para mozos do Goberno de España, nas que se require a participación de todas as institucións públicas e privadas, empresas e organizacións de todo tipo.

O plan articularase mediante un total de **400 bolsas de práctica laboral** no sector privado, de entre 700,00 e 800,00 euros ó mes, durante un período de seis meses prorrogables por outros seis. Legalmente estas bolsas configúranse como subvencións deste organismo provincial a titulados universitarios ou de formación profesional, para que poidan aplicar nas empresas colaboradoras que participan neste plan os coñecementos adquiridos na universidade.

A Deputación asume o financiamento do plan, a distribución e a asignación das bolsas entre as empresas solicitantes, a selección dos bolseiros, a adxudicación das bolsas, o pagamento da correspondente axuda ou subvención ós bolseiros e a cotización á Seguridade Social.

Pola súa parte, as empresas participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu centro de traballo e desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita exercer competencias e colaborar no desenvolvemento de actividades profesionais que poidan facilitar a súa empregabilidade.

A cooperación entre a institución provincial e as empresas da provincia que resulten beneficiarias materializarase a través dun convenio de colaboración no que se establezan os dereitos, as obrigas e os compromisos de cada unha das partes.

Esta convocatoria do Plan de práctica laboral 2014 dirixido a titulados universitarios e de formación profesional rexerá polas seguintes

### **BASES**

#### **Primeira. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública, en réxime de concorrència competitiva, da selección e distribución dun total de **400 bolsas de práctica laboral** para titulados universitarios ou en formación profesional entre empresas privadas da provincia

de Pontevedra, coa finalidade de lles proporcionar a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

### **Segunda. Finalidade do plan**

A finalidade do plan é seleccionar as empresas máis capacitadas para acadar os obxectivos sinalados nestas bases, que se atopen en mellores condicións e que poidan engadirlle valor á formación académica ou profesional dos mozos ós que vai dirixido, ofrecendo unhas boas perspectivas de empregabilidade.

### **Terceira. Financiamento**

Este programa será financiado pola Deputación con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 14/921.241.481.47 e 14/921.241.160.47, por importe dun millón trescentos trinta e cinco mil cincocentos cincuenta e dous (1.335.552,00) euros para o ano 2014.

### **Cuarta. Servizo e órgano responsable do procedemento**

4.1. O Servizo de Recursos Humanos e Formación será o encargado da tramitación dos expedientes.

4.2. O procedemento de selección das empresas e distribución das bolsas entre estas será en réxime de concorrencia competitiva.

4.3. Para tal efecto, constituirase unha comisión de avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas polas distintas empresas, de establecer unha puntuación mínima para poder ser beneficiario e de marcar os criterios de asignación do número de bolsas por empresa segundo a orde de preferencia indicada no apartado 5.3.1.

4.4. Esta comisión estará composta pola deputada delegada en materia de Persoal, a xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación, un representante do sector empresarial da provincia de Pontevedra e un representante da universidade ou persoas en quen deleguen.

4.5. A Xunta de Goberno resolverá o expediente de selección das empresas nas que se desenvolverán as prácticas.

### **Quinta. Procedemento de selección das empresas**

#### **5.1. Empresas beneficiarias. Requisitos**

Nesta convocatoria poderán participar todas as empresas privadas da provincia de Pontevedra, sexa cal sexa a súa forma xurídica e sector económico, que reúnan os seguintes requisitos:

- Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos formativos de práctica laboral solicitados
- Estar inscritas no rexistro público correspondente

- Ter a sede social ou centro de traballo na provincia de Pontevedra
- Asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes da mesma titulación ou do persoal que veña realizando traballos similares ós que levará a cabo o bolseiro. Para este efecto, poderáselle requirir á empresa en calquera momento a documentación acreditativa do cumprimento deste requisito
- Non despedir de forma improcedente a ningún traballador da mesma titulación ou persoa que ocupe un posto similar nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Diseñar un proxecto ou programa formativo de práctica laboral por medio do cal os titulados universitarios e os dos ciclos superiores poidan adquirir competencias para o exercicio de actividades profesionais que faciliten a súa empregabilidade
- Estar relacionada a súa actividade coas titulacións solicitadas
- Dispoñer de persoal técnico cualificado que se encargue de exercer as funcións de titor e asumir a formación práctica do bolseiro
- Dispor dos medios técnicos necesarios para que o bolseiro desempeñe as súas tarefas

## **5.2. Presentación de solicitudes por parte das empresas participantes**

5.2.1. As solicitudes de participación neste Plan 2014/2015 efectuaranse co seguinte procedemento:

1) En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscrición en liña a través da páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es), seguindo os seguintes pasos:

- Cubrir os datos correspondentes ó modelo oficial de solicitude (anexo I) e premer o botón enviar
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola web trala realización do envío que incluirá un “código único de preinscrición”

Non se admitirá máis dunha solicitude por empresa e poderán solicitarse emendas a dita solicitude antes da finalización do prazo.

2) A continuación deberá presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscrición, debidamente asinado, no Rexistro xeral da Deputación dentro do prazo establecido no apartado 5.2.2, xunto coa seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal
- Copia compulsada de poder suficiente do representante que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante
- Copia compulsada dos estatutos ou de calquera outro documento análogo que acredite a condición de empresario, segundo a natureza e a actividade de que se trate
- Certificado de inscrición no rexistro público correspondente
- Proxecto de práctica laboral a desenvolver, especificando o perfil dos bolseiros (titulados universitarios ou dos ciclos superiores de formación profesional), contido das tarefas a realizar por cada un dos bolseiros solicitados, centro de traballo, departamento, equipo de traballo, horario, sistemas de titorías da formación práctica e criterios de avaliación para comprobar os

resultados da aprendizaxe e a adquisición de competencias profesionais. Ademais indicarse con detalle a orde de preferencia nas titulacións solicitadas e se é imprescindible o coñecemento de idiomas

- Identificación do persoal técnico da empresa que actuará como titor e que se encargará da formación práctica e da supervisión e apoio técnico ós bolseiros, así como da distribución e avaliación das tarefas que se lles encomenden
- Declaración responsable de asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes de persoal coa mesma titulación ou do que ocupe postos similares
- Declaración responsable de non despedir de forma improcedente a ningún traballador da mesma titulación ou de persoal que ocupe postos similares nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Declaración responsable de manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa, debendo informar de calquera variación das circunstancias

5.2.2. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte días hábiles**, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

5.2.3. As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para tal efecto e co fin de determinar a data de presentación deberá figurar no modelo oficial de solicitude o selo de entrada da oficina de rexistro correspondente.

5.2.4. Rematado o prazo de presentación de solicitudes farase pública na web da Deputación a relación provisional de empresas admitidas e excluídas nesta convocatoria, con indicación, en cada caso, dos motivos de exclusión. Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación da mencionada lista, para a emenda dos motivos de exclusión.

5.2.5. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento poderase instar ás empresas solicitantes para que cubran calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, concedéndose a tal efecto dez días hábiles a partir da notificación, con expreso apercibimento de que, de non o facer así, se poderá declarar decaída no seu dereito.

5.2.6. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na memoria, poderá comportar a denegación da bolsa solicitada.

### **5.3. Criterios de selección das empresas**

5.3.1. A selección das empresas levarase a cabo conforme ós seguintes criterios:

- Proxecto de práctica laboral: capacidade técnica e de xestión, existencia de persoal técnico cualificado que se encargue da formación práctica do bolseiro, sistema de titorías, centro de traballo, instalacións e medios técnicos dispoñibles; puntuarase cun máximo de ata cinco puntos

- Deseño de itinerarios alternativos de inserción para cando finalicen as prácticas laborais (é dicir, grao de compromiso da empresa da posible formalización dun contrato ó finalizar as prácticas, indicando a modalidade, xornada e duración); puntuarase cun máximo de ata tres puntos
- Calquera outra mellora non contemplada que redunde en beneficio da formación práctica do bolseiro; puntuarase cun máximo de ata dous puntos

5.3.2. Dentro destes criterios deberá respectarse a orde de preferencia na asignación de bolseiros segundo a seguinte clasificación e tendo en conta a puntuación mínima esixida pola Comisión de avaliación:

- Grupo 1: empresas que non participaron ou non foron beneficiarias do plan do ano anterior, excluídos colexios, cámaras, federacións, confederacións, asociacións, comunidades, fundacións, confrarías, cooperativas e calquera outra institución da mesma natureza
- Grupo 2: empresas beneficiarias dun ou máis bolseiros do Plan de práctica laboral do ano 2013/2014, que recibiron unha valoración positiva por parte da Comisión de seguimento do plan, excluídos colexios, cámaras, federacións, confederacións, asociacións, comunidades, fundacións, confrarías, cooperativas e calquera outra institución da mesma natureza
- Grupo 3: colexios, cámaras, federacións, confederacións, asociacións, comunidades, fundacións, confrarías, cooperativas e calquera outra institución da mesma natureza que non participasen no plan anterior 2013/2014
- Grupo 4: colexios, cámaras, federacións, confederacións, asociacións, comunidades, fundacións, confrarías, cooperativas e calquera outra institución da mesma natureza que participase no plan 2013/2014 e tivese unha valoración positiva

5.3.3. Terán preferencia sobre os grupos anteriores todas aquelas empresas seleccionadas no Plan de práctica laboral 2013 que teñan adxudicados un ou máis bolseiros e se encontren pendentes dunha nova asignación por careceren de candidatos.

5.3.4. Ademais, a selección das empresas efectuarase segundo a puntuación acadada no apartado anterior e por titulacións, podendo establecerse un mínimo de solicitudes da mesma titulación, xa sexa dunha ou varias empresas, para poderen convocar o correspondente proceso de selección dos bolseiros.

5.3.5. No caso de que se presenten varias solicitudes pertencentes ó mesmo grupo empresarial no que figure o mesmo representante, non se concederán máis de tres bolsas para o conxunto de empresas.

5.3.6. En calquera momento, a comisión da avaliación poderalles requirir ás empresas documentación complementaria para verificar os datos que figuran na súa solicitude.

5.3.7. No caso de que a través deste procedemento non se presenten suficientes entidades poderanse seleccionar de forma directa as empresas para a realización destas prácticas.

#### **5.4. Resolución do procedemento de selección de empresas e determinación do tipo de bolsa a convocar**

5.4.1. A comisión de avaliación elaborará a proposta de selección de empresas indicando a puntuación total por orde decrecente e con lista de reserva, proposta que será elevada á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación.

5.4.2. Segundo as titulacións solicitadas polas empresas seleccionadas determinaranse as bolsas a convocar.

5.4.3. A convocatoria e as bases que regulan o procedemento de selección dos bolseiros correspóndelle á Xunta de Goberno da institución provincial, do mesmo xeito que a súa resolución.

#### **5.5. Obrigas das empresas beneficiarias**

As empresas beneficiarias deberán cumprir, principalmente, as seguintes obrigas:

- Realizar a actividade que fundamenta a convocatoria deste plan vinculada á titulación do bolseiro asignado
- Designar un ou varios traballadores técnicos da empresa con experiencia profesional e coñecementos necesarios para actuar como titores, que se encargarán de dirixir, controlar e supervisar o programa de práctica laboral
- Facilitarlle ó bolseiro os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas
- Comunicarlle á Deputación aquelas modificacións substanciais que afecten á realización das prácticas ou, de ser o caso, a renuncia á bolsa.

#### **5.6. Obrigas da Deputación**

Este organismo provincial, por medio do seu Servizo de Recursos Humanos e Formación, asume os seguintes compromisos:

- Aboar directamente o importe da axuda ou subvención establecida ós bolseiros
- Dar de alta na Seguridade Social ós bolseiros no código de conta de cotización que corresponda
- Contratar un seguro de responsabilidade civil
- Facer o seguimento do grao de execución e cumprimento do plan
- Emitir un certificado acreditativo do labor realizado á vista do informe de avaliación presentado polo correspondente titor

#### **5.7. Penalizacións**

No caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte das empresas adxudicatarias poderase:

- Resolver a adxudicación e conceder a bolsa a outra empresa que figure na lista, por orde de puntuación, e que solicítase a dita titulación

- Declarar que non se admitirá a súa solicitude de participación en futuras convocatorias

## **Sexta. Procedemento de selección dos bolseiros**

### **6.1. Requisitos dos bolseiros**

As bolsas de práctica laboral no sector privado destinaranse a titulados universitarios e ciclos superiores de formación profesional que reúnan as seguintes condicións:

- Ter finalizados os estudos con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2005
- Non ter experiencia laboral previa acreditada relacionada coa titulación e de duración igual ou superior a seis meses
- Non ser na actualidade beneficiario dunha bolsa dos plans de prácticas laborais da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia
- Non ser beneficiario con anterioridade dunha bolsa dos plans de prácticas laborais da institución provincial, ou de calquera outra convocada por esta Administración ou polos extinguidos organismos autónomos por un período de duración superior a seis meses

### **6.2. Selección dos bolseiros**

6.2.1. A selección dos bolseiros efectuarase mediante convocatoria pública e segundo os principios de mérito e capacidade. O proceso estrutúrase en dúas fases: a primeira, de carácter eliminatorio, por currículo e expediente académico, e a segunda a través dunha entrevista persoal sobre o currículo e coñecementos relacionados co contorno xeral e específico das bolsas convocadas.

Sen prexuízo do previsto no apartado anterior, en casos excepcionais e por razóns de urxencia, poderase recorrer ó Servizo Público de Emprego para a preselección dos bolseiros.

### **6.3. Adxudicación das bolsas**

6.3.1. O Servizo de Recursos Humanos e Formación, tendo en conta o número de bolsas convocadas por cada proceso, ofreceralles ós candidatos propostos, seguindo a orde establecida na relación anterior, as empresas onde se desenvolverán as prácticas laborais.

6.3.2. Efectuada esta elección, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, adxudicaráselle as bolsas convocadas ás empresas seleccionadas e ós candidatos que acadasen maior puntuación en cada proceso selectivo co fin de poder iniciar o período de prácticas nas empresas elixidas.

Pontevedra, 26 de febreiro de 2014

A xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación

M.<sup>a</sup> Jesús Torres Peón